

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 10 de xaneiro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria (MSV) no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada PO-403, p.q. 8+600 a 10+200, de clave PO/17/151.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados.

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o documento do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no entorno de TCA da estrada PO-403, p.q. 8+600 a 10+200, de clave PO/17/151.06.

Este proxecto ten por obxecto definir, xustificar e valorar as obras necesarias para levar a cabo unha serie de actuacións que permitan evitar ou mitigar a accidentalidade que se vén producindo nos últimos anos no treito considerado. O ámbito de actuación afecta ao termo municipal de Pontearreas, provincia de Pontevedra.

As obras previstas comprenden as seguintes actuacións:

– Mellora e reordenación das interseccións existentes (p.q. 8+860, 9+380 e 9+920), por medio da:

- Execución de cuñas de desaceleración ou aceleración que faciliten os movementos de saída e incorporación á estrada autonómica, a fin de evitar a probabilidade de alcance e incrementar a visibilidade.

- Execución dunha nova rotonda na intersección do p.q. 9+380.

- Habilitación de zonas para a realización de xiros á esquerda e cambios de sentido. Isto permite, ademais, a limitación noutras interseccións próximas de xiros que na actualidade non se realizan nas condicións óptimas de visibilidade.



– Mellora da seguridade nos pasos de peóns establecendo medidas que garantan a súa visibilidade, coa restrición do aparcadoiro nas proximidades e ampliación da beirarrúa no paso de peóns (p.q 9+610).

– Reforzo da sinalización horizontal e vertical.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o proxecto de construción sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someta a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (rúa Fernández Ladreda, 43, 1º-4º, 36071 Pontevedra), na Casa do Concello de Pontearreas (Xardíns de Xiralda, s/n, 36860 Pontearreas, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), atópase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas



ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción.

Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no contorno de TCA'S na estrada PO-403, p.k. 8+600 a 10+200.

Clave: PO/17/151.06.

Concello de Pontearreas.

Nº	Referencia catastral	Políg.	Parcela	Titular	Clase	Uso do solo	Sup. (m²)	Bens afectados	Afección
1	36042A019002250000DT	19	225	Domínguez Meiriño, Manuel Vázquez Paz, Marysol	Urbano	Ocio, hostalaría	52,00		
2	36042A054000350000DF	54	35	Carrera Rodríguez, Áurea Carrera Rodríguez, Cándido	Urbano	Sen edificar	61,00		
3	36042A018001740000DH	18	174	Alonso Francisco, Casimiro Bielsa Castillo, María Isabel	Rústico	Agrario	348,00		
4	36042A018001730000DU	18	173	Rodríguez Díaz, Rodrigo	Rústico	Agrario	77,00		
5	36042A018001760000DA	18	176	Rayo Petriz, Francisco González Castro, Concepción	Urbano	Sen edificar	18,00		
6	36042A052001200000DK	52	120	Carrera Gómez, Carmen	Urbano	Sen edificar	30,00		
7	36042A052001160000FP	52	116	Carrera Gómez, Carmen	Urbano	Residencial	35,00		
8	36042A052001190000DD	52	119	En investigación, art. 47 da Lei 33/2003	Urbano	Sen edificar	101,00		
9	36042A052000330001FD	52	33	Costas Pérez, José Rodríguez Estévez, Balbina	Urbano	Residencial	16,00	Muro de bloque de formigón con cancela metálica	22,00 m
10	36042A052000310001FK	52	31	Costas Cerqueira, Mª Carmen Álvarez Garrido, Adriano	Urbano	Residencial	261,00	Valado de pedra Muro de bloque de formigón	50,00 m 21,50 m
11	36042A052000170000DF	52	17	Diocese de Tui-Vigo	Urbano	Sen edificar	232,00	Muro de postes de pedra e arame	61,50 m
12	36042A053002300000DI	53	230	Costas Pérez, José	Urbano	Sen edificar	45,00	Valado de postes de pedra e arame Cancela	15,50 m 1 ud
13	36042A053002320000DE	53	232	Domínguez Carrera, Mª Rosa Giráldez Boo, Bernardino	Urbano	Sen edificar	87,00	Valado de postes de pedra e arame	17,50 m
14	36042A053002350000DU	53	235	Serván Vaquero, María	Rústico	Agrario	405,00	Valado de postes de pedra e arame	38,50 m
15	36042A053002610001FM	53	261	Cruz Campos, Alberto	Urbano	Residencial	25,00		
16	36042A021000020000DD	21	2	Taboas Lago, Pastora Enriqueta (Herdeiros de)	Urbano	Sen edificar	96,00		
17	36042A022001600000DQ	22	160	En investigación, art. 47 da Lei 33/2003	Urbano	Sen edificar	197,00	Muro de postes de pedra e arame	41,00 m
18	36042A050000030001FQ	50	3	Arbones Fernández-Vega, Mª Esther Arbones Fernández-Vega, Mª José	Urbano	Residencial	153,00	Muro de pedra	32,40 m³
19	36042A050001430000DE	50	143	Carballido Martínez, Manuel	Urbano	Sen edificar	58,00	Valado de postes de formigón e arame	16,50 m

